



CDR Portas abertas: tecendo comunidade e futuro



A foto que fala

Unha foto que fala, non, unha vintena. As que compoñen a exposición itinerante *O Vigo que [non] sorrí*, do artista Aarón Diez, e que amosa a outra cara da cidade.



O trasno Orfandade nacional

Daniel López Muñoz



Os autores da historia e da cultura oficiais apuxéronlle a Galicia, aos galeguíños e ás galeguíñas, unha etiqueta de sitio lírico, de xente doce, sentimental e con acento pavero. Non é que haxa que renegar da nosa herdanza lírica, nin do acento, madría leva, pero a historia de Galicia ten máis épica ca a de moitas outras comunidades nacionais. Non é a épica do conquistador, abofé. Pero é unha épica comunitaria e traballadora; é, por poñer tres exemplos, a épica irmandiña, a da pesca de altura e a da emigración americana, esa que se inicia nas nosas aldeas, familia a fami-

lia, drama a drama, para pasar de servos a propietarios da terra.

Un centro galego como o de Bos Aires é moito para a historia dun país. É un capítulo desa historia épica, pero tamén do exilio republicano, da edición en galego, da solidariedade organizada. É un patrimonio inmobiliario, foi un gran hospital, pero é, aínda máis, un patrimonio inmaterial incalculable, é unha colección de arte,

é o cuarto onde morreu Castelao (a foto é dese día). Foi tan exemplar que ten algo de sagrado. Polas pequenas historias de dor, de emoción, de festa, de apoio mutuo en terra estraña para 120 000 socios; de sandar feridas do corpo e da alma, de descubrir xuntos e xuntas, mar por medio, que aquelas aldeas ciscadas de orixe formaban un sitio distinto, chamado Galicia, co que tecer saudades e soños de futuro. Un sitio de onde “ser”

Queres buscar equivalentes no mundo e non dás. O New York Irish Center tamén nace da propia comunidade, pero foi unha cousa recente, da

segunda metade do século pasado, apoio social para os irlandeses en Nova Iorque, algo menor. Na emigración italiá tampouco coñezo nada semellante: o neoiorquino Instituto Italiano di Cultura non deixa de ser algo como o Instituto Cervantes. O centro Portugués de Cultura e Beneficência do Cabo (Cape Town, Suráfrica) asemellaríase polo seu carácter solidario, pero estamos en dimensións ben distintas.

O Centro Galego vai a pique. Nunca unha nación con Estado e sólidas institucións deixaría que un centro así se disolvese no océano das privatizacións e da especulación. Por iso o Consello da Cultura Galega lle recorda á Xunta o seu deber de proteccións xurídica e institucional desa memoria e dese patrimonio.

Cando se pregunta pola razón dos nacionalismos coma o galego habería que contar historias coma esta. Non pode ser que, no estado actual das cousas, teñamos tanta incapacidade para salvagardar o sagrado.

Editorial Non é iso, é o Poder

As historias que emerxen e saen á luz en Hollywood sobre acosos, abusos e chantaxes sexuais de directores e produtores machos sobre mulleres, actrices de cine, que eles dirixiron ou produciron, acadan unha resonancia inigualable. Teñen, felizmente, unha eficacia pedagóxica imposible de superar. Son o espello no que se mira a cultura actual e a modernidade en xeral, para comprobar con pasmo que non é tan moderna como se supoñía.

Cando un feixe doutras actrices, entre as que salienta a francesa Deneuve, din que non é para tanto, que se está caendo en puritanismo e que así se vai confundir todo e rematar coa galantería, desátase, con razón, un lío universal.

Pero non hai confusión posible. O que se denuncia non é galantería ningunha. Non é iso. É poder, poder animal en estado puro. En todo caso, habería que definir “galantería”

Aparece agora ese tipo de manobra no mundo guapo, impoluto, o da xente perfecta, pero está aquí na porta, no mundo laboral máis noso. Está ben que emerxa nese nivel, porque

se fai visible, pero xa estaba aquí de vello, nas traballadoras da conserva, nas empregadas domésticas, nas oficinistas e, mesmo, nas empregadas públicas.

O caso “Baltar fillo” foi sintomático. Haberá quen diga que quedou en nada porque a xuíza Armesto tivo que sobreselo por non poder acreditar que Baltar Blanco se

O acoso sexual laboral que agora emerxe en Hollywood xa estaba entre nós de vello

comunicase co xefe de persoal da Deputación para enchufar a muller que despois denunciou, nin que o seu pai -que daquela era aínda o presidente do organismo provincial- dese instrucións concretas para cumprir as promesas do fillo. Pero no auto da xuíza dise que se acredita que o daquela fillo do patrón provincial “solicita ou, cando menos, acepta un favor de natureza sexual” para facilitar aquel traballo á muller denunciante sen cumprir os requisitos legais. Non hai causa xudicial, pero debería haber causa política. Todo o mundo escoitou unhas gravacións que causaban vergoña.

Que oportunidade perderon as mulleres do PP galego para desmarcarse en público de semellantes practicas e adiantarse a Angelina Jolie, Meryl Streep e Gwyneth Paltrow.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Chámase Helena Maleno e é unha xornalista e loitadora a prol dos dereitos humanos. Trata de axudar os emigrantes cando cruzan o estreito. Avisa as autoridades para que os rescaten cando se atopan en perigo. Por iso, as autoridades marroquís acusárona de tráfico de persoas. Resultou absolta. “Se trafico con persoas, onde está o lucro?” Foi absolta, aínda que todo parecía indicar que sería condenada.

Chámase Borja Gómez e ten quince anos. É de Pontearreas. Competiu o outro día coa seleccion galega de ciclocross no campionato de España.

Chegou canso e feliz á meta. A súa nai apertouno con forza e fachenda. Non quedou primeiro, pero tampouco último. Borja ten síndrome de Down e os competidores non o teñen. Unha competición inclusiva.

Son heroes que teñen nome e apelidos. Dos que teñen pais, fillos, dos que andan polas rúas e ocupan pouco espazo nas noticias (non digamos nas deportivas). Pero cando un escolta estas novas échenselle o corazón de esperanza. Mira que hai xente boa polo mundo!



1



3



2



4



A peneira

1

O 26 é o Día Mundial da Educación **AMBIENTAL** e laiámonos de que os cabaliños de mar estean a desaparecer, aínda que vén de descubrirse unha parella nas illas Cies, ao tempo que se descubriron dúas novas especies de gusanillos na ría de Arousa.

2

Celebrámolo abrindo sete salas da Basílica de San Martiño de Mondoñedo, onde o 20 é o **III Encontro de Participación Cidadá**, e recuperando os sinais da nosa historia en Rianxo, onde naceu Castelao (29 de xaneiro de 1886), na praza do seu primeiro mitin *ou na Graneira* do pai, que salvaron os veciños cando ía tirala abaixo un cacique.

3

O 4 de febreiro Lalín celebra os 50 anos da Feira do **COCIDO** cun concerto de Treixadura, que adianta o seu novo disco *INDA CANTO*, que vai presentarse no Teatro Afundación, o 13 de abril. Desde 1990 lévanos agasallado con outros seis discos.

4

O 27 preséntase en Santiago a **AJA** –Galiza cun concerto–, exposición e foro sobre este creador que uneu os nosos pobos na loita pola liberdade, cantando «A Galiza nom fica no Minho! (<http://aja.gal>, www.facebook.com/ajagaliza/, twitter.com/aja_galiza)



5

7

SERMOS GALIZA



6

8



Alfonso Blanco Torrado

5

200 anos do nacemento de Carlos **MARX**, en Tréveris, a cidade na que mataran a Prisciliano (s. IV), 100 de Raimon **PANIKKAR**, ponte de diálogo entre Oriente e Occidente, ou **MANDELA**, o loitador contra as diferencias raciais. Un ano ateigado coa memoria de loitadoras/os contra a violencia.

6

Cadran os 25 anos do pasasamento de **MONCHO VALCARCE**, apaixonado valedor do noso pobo, cando se cumpre o centenario da Asemblea Nacionalista de Lugo convocada polas Irmandades da Fala, animando a unha federación con Portugal e a integrarse na Liga de nacións.

7

O 27 empeza en Santiago a campaña para acadar apoio a un **SERMOS Galiza**, diario coa presentación do grupo impulsor, os cen primeiros suscriptores, un medio necesario para transmitir con fidelidade e paixón as arelas do noso pobo.

8

No 2018 imos contar coa primeira lei de **PORTOS** para regular os 122 que dependen da Xunta. Nun ano medrou neles o tráfico de mercancías un 1,4%. Cariño, Ribadeo, Cee... á cabeza. E na descarga de pesca fresca: Ribeira, Burela, Celeiro...

A política As dereitas

Carlos Vázquez G.



En España nunca houbo unha dereita única, aínda admitindo que o PP conseguiu unificar, no seu seo, practicamente a todas as forzas que se predicaban de dereitas, ata o punto de que se lle atribúe como un mérito integrar incluso a dereita extrema. Con trazo grosso podemos identificar desde sempre, polo menos, tres formacións de dereita: o propio Partido Popular, a dereita catalana de Convergència i Unió e o PNV de Euzkadi. Outras formacións máis cativas, en ocasións con certa relevancia,

xiraron arredor destas tres decisivas formacións como satélites.

A diferenza máis visible entre estas tres formacións da dereita ou, se se quere, do centro dereita, está na chamada cuestión nacional, pero non é a única, e posiblemente non sexa, no fondo, a máis relevante, sobre todo no caso do PNV. Mentres a dereita española e catalá abrazaron sen reticencias as derivas neoliberais, hexemónicas no capitalismo global, o PNV parece inspirarse máis en Keines ou na Rerum Novarum ca en Friedman e nos Chicago Boys. A opción da dereita vasca tivo e ten consecuencias diferentes ben palpábeis na sociedade vasca, nos seus servizos públicos e na calidade de vida dos seus cidadáns, en comparación cos do resto do Estado, incluídas as comunidades máis ricas ou máis prósperas. Este era, ata hai ben pouco e a grosso modo, o esquema básico das dereitas españolas, pero tras o 15-M saltaron as alarmas e os poderes económicos vironlle as orellas ao lobo, á pantasma que noutrora percorrera Europa, e clamaron

O encargo a Ciudadanos é corrixir a ineficiencia e a ineficacia do PP

desde o seo Olimpo: “Cómpre un Podemos de dereitas”. E “Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía”

saltou da súa anterior irrelevancia en Cataluña a unha notable e crecente presenza en España. Velaí a orixe “xenética” da cuarta pata das dereitas en España: “Haxa luz; e houbo luz”. Orixe xenética que sitúa a nova formación na órbita dos Chicago Boys, e por iso se entenden tan ben, aínda competindo, coa máis vella garda das dereitas españolas. O encargo a Ciudadanos, por parte dos seus inspiradores e creadores, é corrixir, por estimulación ou mesmo por substitución, a ineficiencia e a ineficacia do PP e do conxunto das dereitas españolas para embridar a enorme conmoción social producida pola aplicación drástica das doutrinas neoliberais antes da crise, na crise e despois da crise, se é que tal cousa pasase. Por iso Ciudadanos é hoxe o eixe da renovación gatopardiana das dereitas: “Cambiar todo para que todo siga igual”.

As dereitas non son todas iguais, pero todas son dereitas.



O peto común Tempos, historias, cambios

Teresa Souto Loira

Camiñando xa polo 2018, e pensando o típico de “Como pasan os anos!” matino noutros tempos, historias, cambios... Recentemente vin unha película *As mozas do 6º andar*, francesa, ambientada na década dos 60 en París, e nas mulleres que emigraban para ir traballar alí, dende Burgos, Toledo, Pontevedra. A película é sinxela, unha comedia que non narra nada especialmente diferente ou asombroso. Conta un pouco a vida cotiá dun grupo de mulleres de diferentes idades que chegan a París para traballaren en casas de familias ben acomodadas. E lembreime de mulleres coñecidas que fixeron ese recorrido, mulleres con forza e valentía, que foron traballar para aforraren e poder voltar ao seu fogar, e poder darlle a oportunidade aos fillos e fillas duns estudos, dun futuro diferente ao seu. Agora tamén repetimos a historia e moitas persoas emigran por razón laborais e acollemos a moitas que chegan coa esperanza de atopar un traballo digno para sacar adiante a familia ou contar cun futuro profesional.

Retomando tempos, historias, cambios, tamén vos recomendo o libro *Contos de boas noites para nenas rebeldes* de Elena Favilli e Francesca Cavallo. Cada páxina está adicada a unha muller, acompañada de ilustracións. Nel aparecen artistas, científicas, astronautas, levantadoras de pesos, activistas... Podemos descubrir ou redescubrir historias de mulleres que fixeron e fan historia, que promoveron e conseguiron cambios, como as mulleres que nomeaba ao principio, as que emigraron a outros países e as que quedaron na casa, no campo, nas fábricas, na escola, as mulleres que atopamos na vida cotiá.



Fabrice Luchini Sandrine Kiberlain Natalia Verbeke et Carmen Maura

Les Femmes du 6^e étage

un film de Philippe Le Guay

Lola Dueñas
Berta Ojea
Nuria Sole
Concha Galán



O CARRABOXO por ROBE LOIS



Entrevista Tecendo comunidade e futuro desde Vilardevós

DLM

Desde 1990 o Centro de Desenvolvemento Rural “Portas Abertas” teima por animar a vida, proporcionar cuidados e abrir oportunidades aos veciños e veciñas de Vilardevós e comarca. O que daquela parecía unha iniciativa voluntariosa e ben intencionada revélase hoxe, vista a evolución das comunidades rurais galegas, como un exemplo do que sería necesario implantar e promover polo país enteiro. Conversamos con Tamara Balboa coordinadora de actividades deste CDR



Quen está no inicio de todo isto?

Foi Digno González Diéguez, párroco daquelas de Arzádegos, Florderrei e Vilarello da Cota, e un grupo de persoas de Arzádegos os que formaron a primeira Xunta Directiva, no ano 1990, tras un traballo de desenvolvemento comunitario que comezou décadas atrás. Nese ano formalizouse a asociación e a coordinación co C.D.R O Viso e outros centros que un ano máis tarde confluírían con nós en COCEDER (Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural).

Desde o voso nacemento falades de “desenvolvemento integral da zona”; ambición que non falte...

Si, ese nome encaixaba na denominación que o Ministerio lle daba dentro da convocatoria dos fondos do IRPF. E as actividades tiñan esa pretensión integral; así comezamos a xestionar o primeiro LEADER, que impulsou moitas iniciativas na comarca (no sector da madeira, turismo rural,...) e outros proxectos Europeos como o PROTERRA. Tecemos relacións con outras entidades europeas, como é o caso de ADRAT, (Asociación Portuguesa de Desenvolvemento do alto Tâmega).

Tamén fomos pioneiros na posta en marcha de programas de educación familiar, e moitas outras actividades sociais e formativas e culturais. Por iso, “integral”, pola pretensión de traballar con todos os colectivos de poboación, dende os máis cativos ata os máis maiores.

centralizaron os servizos e iso axudou a que a xente fose marchando

En que estades máis centrados, máis urxidas nestes momentos?

Case todas as nosas actividades actuais son sociais. Traballamos a educación compensatoria con menores dos centros educativos da Comarca, a terapia ocupacional no fogar coas persoas con demencia e Alzheimer, con persoas con diversidade funcional, con nenos/as con necesidades educativas especiais; temos un programa de conciliación da vida familiar e laboral,... e por suposto seguimos indo ás aldeas a dinamizar as persoas maiores, con psicomotricidade, reparación de saberes, cestería,... Pero tamén recuperamos actividades agrarias xa que andamos loitando por unha volta á terra que deixamos algo

esquecida durante uns anos, coa agricultura ecolóxica, coa recuperación de variedades locais e neste ámbito con moitas ideas de futuro.

Evidentemente, un dos desafíos é facer as zonas “habitables” para a xente nova, para quen non marchen ou para que regresen. Por onde habed

centralizaron os servizos e iso axudou a que a xente fose marchando

ría que tirar nesta liña se se contase cunha vontade decidida dos poderes públicos?

Os poderes públicos centralizaron os servizos e iso axudou a que a xente fose marchando cara as cabeceiras de comarca e á cidade. Menos poboación, menos servizos, e así un círculo vicioso. Un exemplo son os centros educativos, baixo mínimos, con aulas que acollen a nenos de tres cursos o que lles dificulta a aprendizaxe e impulsa aos pais a marcharen. Rómpeuse a tendencia que se estaba dando ultimamente de que nenos e nenas de Verín fosen matriculados nos centros de Concellos limítrofes, polos horarios máis amplos, por contar con comedor e transporte...

Non hai unha única causa; é unha tendencia de décadas, quizais dun século. Pero é ben certo que no medio rural invístese máis en edificios (continentes) ca en contidos, e así hai centros pensados cos pés espallados por Galicia que nunca tiveron nin terán actividade. Supoño que isto vén dunhas convocatorias ríxidas ás que se acolleron os concellos sen pensar no “despois”, ou mesmo pola necesidade de ser recordado polas “obras” e non polos feitos, engaiolados por esa macrotendencia urbana. Niso tamén quixemos asimilarnos ao urbano.

Con medidas efectivas de asentamento da poboación, gañaríamos moito. Non se fomentaron oportunidades laborais para a xente nova. Nalgúns casos o feito de ter traballo, pero sen servizos, non abonda para o asentamento da poboación, xa que a xente pode ir traballar á aldea e vivir no semi-urbano ou mesmo no urbano. E o emprego xerado moitas veces por parte das Administracións que pretende asentar poboación non con-



segue tal fin: ninguén por un traballo temporal e mal pago vai permanecer no medio se queda na exclusión.

Por outra banda a lexislación debería ser moito máis acaída á realidade, en todos os ámbitos, xa que, de entrada, os requisitos para emprender sácanche o aire nada máis empezar. No ámbito social, por exemplo, non ten sentido que unha entidade como a nosa teña que ter un centro específico para cada colectivo, senón que se

canto máis pequeno é o núcleo no que se asentan máis facilmente se integran os inmigrantes

deberían habilitar centros multiúso, e así un centro de día de maiores, podería ter unha zona para traballar con nenos/as cando non hai maiores, para dar formación, podería ser un comedor social... Do mesmo xeito que en vez de seguir facendo centros específicos por parte das administracións, poderíanse adaptar os existentes, que hai moitos, difíciles de manter. Por exemplo, centros educativos enormes que hoxe están baleiros, casas de cultura...

Tedes exemplos de éxito nesa revitalización rural na vosa comarca?

Houbo iniciativas que pretendían asentar poboación e ás veces conseguiron o contrario. No Concello de Vilardevós, no seu día creouse unha cooperativa que pretendía ofertarlle traballo á poboación na súa aldea e nalgúns casos o que fixo a xente ao

contar cun posto de traballo foi mercar piso en Verín e marchar para alí.

Hai pequenas iniciativas de xente que decidiu montar un pequeno negocio e apostou por quedaren ou mesmo volveren e merecen todo o recoñecemento. Hai empresas na comarca que están traballando ben e crecendo, moitas relacionadas directa ou indirectamente co sector primario. A pesar disto os datos demográficos están aí e perdemos poboación.

Sodes innovadores en aspectos ben interesantes, por exemplo, na integración de persoas inmigrantes doutras culturas e países nas aldeas e vilas gallegas. Que futuros lle ves?

Si, traballamos con colectivos inmigrantes bastante numerosos, como é o caso das persoas de orixe marroquí asentadas fundamentalmente na cabeceira da Comarca.

É bastante complexo, e falar de futuro é complicado. Eu creo que asentaron aquí pola proximidade de Portugal e polas facilidades para a vida, como alugueres máis asumibles; e polo seu modo de vida sen traballo estable. As segundas xeracións cónstame que non queren volver ao país de orixe, pero tampouco acadaron a inserción socio-laboral. As mozas si que comezan a traballar, fundamentalmente en servizos de restauración





e bar, pero o traballo para os mozos está complicado, co cal a vida aquí seralles precaria.

Ao contrario do que podemos pensar, canto máis pequeno é o núcleo de poboación no que se asentán máis fácil lle será a vida, e as relacións coa comunidade. En Vilardecervos, unha aldea de Vilardevós hai dúas familias marroquí, ben acollidas polos veciños, con cinco nenos/as, practicamente os únicos/as da aldea e que nalgún caso son un exemplo desa comuni-

por outro lado hai millóns de persoas ás portas de Europa buscando un lugar no que viviren dignamente ou, polo menos, en paz.

A vosa zona foi unha das máis afectadas pola vaga de lumes do outono en Galicia. Parece que estamos diante de algo sen solución. Que está fallando? Que habería que ir corrixindo?

Os lumes aquí son un mal de vello, repítense ano tras ano. O debate sobre as causas pode ser interminable: negocio, práctica agraria, despoboación,

para intervir cando arde, senón cando non arde, darlle a volta a cuestión.

Se cada Concello puidese facer isto, pois tamén fomentaría a permanencia dun grupo de mozos/as na zona. O que non ten moito sentido é que teñamos cada vez zonas máis abandonadas, que chegada a época de verán botemos as mans á cabeza ao vermos como está o monte, que non entran os medios de extinción, que resulta que as silvas e as xestas chegan aos tellados,...

Pero supoño que unha vez máis habemos perdemos nas competencias: comunidades de montes, concellos, Xunta... Poderíamos pornos de acordo e eses cantos millóns de euros que se empregan anualmente investilos con máis efectividade: todos poden achegar algo.

Deberíamos ser máis contundente na aplicación efectiva das medidas de limpeza das contornas habitadas, nas sancións pola plantación de especies alóctonas... Se non se toman medidas reais, isto vai ir a máis. A despoboación e o cambio climático non teñen traza de cambiar e vexo certa resignación entre a poboación. O lume desmotiva e fomenta o abandono do rural. A xente cansa de pór castiñeiros e de intentar empezar con colmeas, como din eles para que “veña o lume e o leve todo”


Non vale un plan para intervir cando arde, senón cando non arde

dade rural tradicional “coidadora”, cando os veciños te coñecen e, como din eles, ven que es honrado, ben seguro que che van axudar. O primeiro en vir, un mozo marroquí, chegou en patera. Deu voltas polas cidades de España e Portugal e finalmente acabou traballando nunha plantación de maceiras que hai nesta aldea, e foi o primeiro sitio no que, segundo el, sentiu que o vían coma unha persoa; antes ninguén o miraba á cara.

Os desafíos sociais globais poderían ser aproveitados para unha revitalización rural, pero é un tema moi complexo e por suposto non sei como habería que canalizalo: esta comunidade non se sostén humanamente, e

emprego, enfermidade mental, masas forestais descoidadas, repoboación con especies alóctonas... pero solucións poucas.

Para min algo fundamental sería un traballo de todo o ano, e non falar de brigadas de prevención de incendios, senón de brigadas forestais, cunhas condicións de traballo dignas, cunha mínima formación, con traballo continuado, na limpeza de camiños, fontes de auga, rareos, limpeza de monte,... e non só traballos de tres meses, en precario, nos que nalgún caso, como foi este ano, nin sequera puideron formar as brigadas dos Concellos a tempo por non cumpriren os candidatos os requisitos. Non vale un plan



Dez recunchos en dez provincias distintas dan para dez reportaxes co leiv motiv da melancolía, o silencio e a desolación

O autor, Paco Cerdà, é xornalista. E nótase nestes dez capítulos que percorren o territorio enorme do Sistema Ibérico. Miras sobre o mapa e semella o dobre de extenso que a Cataluña limítrofe. Ou quizais seis veces o País Vasco. Como as serras non coñecen fronteiras, este amplo territorio esténdese por catro comunidades autónomas.

O xornalista, nunha viaxe chea de reviravoltas, percorre en cento sesenta e tres páxinas máis de 2 500 quilómetros pola España baldeira, a chamada Laponia española da serrañía Celtibérica.

Como a historia das xentes que viven aquí vén de moi lonxe, hai uns 1 355 pobos e aldeas a cabalo das montañas e do frío. Con menos de 8 h/qm², non existe un lugar tan baldeiro en Europa. Nin sequera na Laponia finesa.

Dez recunchos en dez provincias distintas dan para dez reportaxes co leitmotiv da melancolía, o silencio e a desolación. Na zona cero de Guadalajara, menos de catro h/qm², nos 41 pobos da comarca. 'Teruel tamén existe' berran, porque esta provincia foi quen de inventar unha palabra difícil e definidora: demonostasia. Hai unha Rioxa rica e poboada e un recuncho no sur onde a xente vai morrendo ou vaise. En Burgos ten sona o mosteiro de Silos, toda unha metáfora do templo de silencio no que se ten convertido a comarca. En Soria, 'lejana y sola', escribía Machado, só quedan as voces dos sobrevivintes, mortos vivientes condenados pola bioloxía.

En Valencia, en Cuenca, en Segovia e Castelló. En Zaragoza. Todas coas súas Laponias despoboadas de xente, de economía, de futuro.

As últimas voces da Laponia española xa non teñen as cores das risas, os cristais rotos dos berros infantís. Paco Cerdà escribe así de certo, así de bonito de cousiñas tan tristes.

Pingas de orballo A CEGA DE GONDEL

Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero



Xabier Rodríguez, músico e profesor de gaiteiros, hoxe desaparecido e evocado, foi a persoa que máis me informou da Cega. Foi o primeiro en darme seriamente datos sobre da “Cega de Gondel”, que outros chamaban a Cega de Milleirós –porque de alá viñera- e era, en definitiva, unha muller que tiña a ben cantar, aguzar os sentires, aledar a xente por onde ía, en foliadas e romarías grazas a aquel xeito de manexar socialmente o seu violín e, ao mesmo tempo, sacar

Era unha muller de aguzar os sentires e aledar a xente co seu violín

adiante toda unha familia numerosa, nuns tempos nos que non había máis ca fame e miserias, aínda con moitos rancores producidos pola Guerra Civil, de tanta mágoa e tristura.

As cegas e cegos soubérono relatar moi ben por baixo de eufemismos ben desimulados, transmitiron aquel drama e tamén tocaron valsos e polcas, mazurcas, muiñeiras, pasacorredoiras, pateados, corridos, xotas, pasodobres, romances, parrafeos. Véñennos á cabeza nomes como a

Pachacha de Couto do Outeiro, en Mondoñedo, que ía coa Toña, natural de Labrada, costureira que tamén erguía a paletilla, ou a Cega de Miranda, en Castroverde, repentista tamén; ou a de Noceda, en Fonsagrada, tocaba o violín mentres a sobriña tocaba os ferriños; ou o Cego dos Vilares, o de Aldixe, o de Aiedo ou o da Braña, a Cega de Arcos de Frades... Canta memoria perdida!

Pero aquela muller, D^a Francisca Rancaño, viñera casar a Gondel con Mingos, e tiveran seis fillos: Josefa, José, Manuel, Luzdivina, Henrique, e Aurora Palmeiro Rancaño. Esta última non “era” ben, andaba coa mai levando o cesto de pedir. Chamábana Tata. A Cega acompañábase primeiramente da súa filla Tata –para tela de man- e cando a tiña atendida, executaba con primor no violín aquelas historias narradas poeticamente, cantaba pezas coñecidas ou inventaba no momento, falando dos presentes e facendo oficio de repentista, sen previa preparación da palabra, sobre un soporte musical coñecido. Por veces, facíase acompañar doutro fillo para tocar a pandeira ou o bombo. Ían aos arredores en busca de beneficio ou esmola nas festas máis concorridas.

Nunha ocasión foron á Romaría da Santa María, a Ramil, e alí, cantando

entre as merendas, cadraron con D. Gustavo Freire –recoñecido músico chairego–, que asistía a aquela convocada festa, anualmente celebrada, á que viña moita xente devota. Dábanse cita músicos da Banda de Lugo, de Bonxe, Antas, A Estrada, Lalín e doutros lugares que lles daban fama e calor musical aos intres daqueles tempos. Pasou a cega por onda a merenda na que estaba el e, despois de tocar unha peza co violín, D. Gustavo pediullo para el tocar algo tamén. A cega resistiuse, nun primeiro momento, coidando que llo poderían estragar e sabendo que era o fundamento da súa vida. Despois da insistencia dos presentes, cedeu e foi o músico quen, colléndoo con moito xeito e tenrura, púxose a interpretar a mesma peza que viña de tocar D^a Francisca. Quedou pasmada e felicítouno agradecida pola maravillosa interpretación; el a ela tamén lle agradeceu o labor de manter viva a tradición, con tanta dignidade e no seu eido natural. Peciña curta que nunca esqueceremos e gardamos coma un tesouro, sabendo que non

deberíamos perder esas xoias da nosa cultura, pois son semente de porvir. É a única peza enteira que quedou daquela muller que desde a súas sombras venceu todas as dificultades.

Morreu no 1952 coa idade de 77 anos e, lembramos, cantou aconteceres dos que hoxe só podemos dar nome, como o Crime de Montecubeiro e o de Suevos, ou o Crime dos Farelos –que falaba da represión feroz que desataron os vencedores da incivil guerra, cos Sarille, López, Seixas e os tres irmáns Pereira. Tamén tocaban outras pezas de contento, como a foliada “Na Palleira” con aquela bonita copla: “Arrímate pecador, arrímate que non pecas. Quen bailando non se arrima, é que come o pan a secas”. E logo engadía: “Agora si que resoan as cordas do violín porque saíron ao baile as fillas do Serafín”.

Agradecida memoria para a Cega de Gondel. Un agasallo!

Os cegos souberon
relatar moi ben o tempo
da posguerra por baixo
de eufemismos ben
disimulados

IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envía-lo a Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escribenos a irimia@wanadoo.es ou subscripciones@asociacion-irimia.org

NOME: APELIDOS:
 ENDEREZO:
 CÓD. POSTAL: CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA:
 TELÉFONO CORREO ELECTRÓNICO

QUERO SER SOCIA/-O: 3 €
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 30 €
 De apoio: 45 € Subscrición anual (22 números)
60 €

QUERO SER 60x100:

DOMICILIACIÓN
 BANCO OU CAIXA E AFORROS:
 DOMICILIO DO BANCO: CÓD. POSTAL:
 CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA: TITULAR DA CONTA:
 Nº de CONTA: _ _ _ _ / _ _ _ _ / _ _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En a de de 201__.

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
 Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822

IRIMIA

O noso taboleiro

FESTA DO LUME 2018. ARQUEIXAL, PALAS DE REI.

Despois do bo sabor de boca que nos deixou a Festa do Lume de Sobradelo, este ano volvemos a un lugar inédito, que non descoñecido, como é Arqueixal. Falamos da Parroquia de Albá no Concello de Palas de Rei. Arqueixal (a ARte dos QUEIXos de ALbá) é un proxecto de ecoturismo rural que basea a súa filosofía no traballo de produtos lácteo-ecolóxicos co turismo rural. Ademais nos últimos anos, Arqueixal está sendo lugar de celebración do *Son de Aldea*, un proxecto cultural recente que ten cada ano máis acollida.

Aproveitando o enclave, o relatorio deste ano na Festa do lume terá por nome “**Experiencias**

vitais” no que contaremos con Xosé Luís Carreira, promotor de Arqueixal dende hai 30 anos e de Son de Aldea. Xunto a el teremos a Ana Corredoira, bióloga e gandeira que se dedica á elaboración de produtos lácteos ecolóxicos en A Cernada. Aos seus 25 anos Ana tivo que asumir a responsabilidade de reactivar a pequena granxa de gando vacún de leite, sustento da familia desde unha aldea tamén do concello de Palas de Rei. Todo isto nunha xornada na que previamente teremos a Asamblea Anual dos Socios de Irimia e rematará coa celebración da Candeloria.

FESTA DO LUME 2018

Día: 3 de Febreiro en Arqueixal.

9:30h Café.

10:00h Asamblea dos Socios/as de Irimia.

12:00h Mesa redonda aberta sobre “Experiencia de vida no rural” con:

Xosé Luís Carreira de AR-QUEIXAL.

Ana Corredoira de A CERNADA.

14:30h Xantar compartido (todos traemos algo para xantar).

16:30h Celebración da Candeloria.



Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



DOMINGO 28 de xaneiro. IV do tempo ordinario

A PALABRA Mc 1, 21-28

Naquel tempo, Xesús e os seus discípulos viñeron a Cafarnaúm, e, ao chegar o sábado, púxose a ensinar na sinagoga. Todos estaban abraizados da súa doutrina, pois ensinaba coma quen ten autoridade, non coma os letrados. E cadrou que había naquela sinagoga un home posuído por un mal espírito, e púxose a berrar: «Que temos que ver contigo, Xesús de Nazaré? Seica viñeches para acabar connosco? Ben sei quen es ti: ti es o Santo de Deus.» Xesús mandoulle: «Cala, e bótate fóra dese home.» O espírito malo sacudiuno, pegou un berro moi alto e saíu del. 27 Todos ficaron pasmados, e discutían entre si, dicindo: «Que é isto? Unha nova doutrina, e con autoridade; enriba, dálles ordes aos espíritos malos, e eles obedéceno.» E a súa sona espallouse de contado por toda a rexión de Galilea.

A PALABRA

Es o Santo de Deus

Marcos vainos acompañar ao longo do tempo ordinario neste ciclo B. Como xa sabedes, este é o evanxelio máis antigo e máis breve. Escrito e dirixido para unha comunidade que vivía en Roma e de orixe pagá, Marcos céntrase en responder á seguinte pregunta: quen é Xesús, ese en quen din crer e seguir?

O texto de hoxe é un bo exemplo. Estamos con Xesús, de camiño por Galilea, ensinando nunha sinagoga, un sábado. Até o de aquí o que se podería pensar de alguén que nos vén falar de relixión, dun profeta. Mais a mensaxe de Xesús non vai de palabras, senón de obras. O evanxeo de Marcos contén moi poucos discursos. Mesmo aquí, non se di nada do que fala Xesús. A súa mensaxe non ten nada que ver con tratados teolóxicos ou coñecementos elevados. A súa mensaxe, o Reino, é a súa persoa.

En que consiste a súa mensaxe, a súa novidade? Neste primeiro acto en público, Xesús cura un endemoniado, libera unha persoa dun Deus opresor (en palabras de Pagola). Iso é a súa predicación: o seu Reino fai libre ás persoas. Asombra a todo o mundo, porque observan que fala con autoridade, unha palabra que non nace dos seus coñecementos, senón da súa vivencia interior.

Es o Santo de Deus, confesa o posuído polo espírito inmundo, igual que fará Pedro noutro momento (Xn 6, 69). Ao Santo de Deus, ao Fillo do Home, a Cristo, non se lle coñece nin polos seus nomes nin polas súas palabras: é nas súas obras. E o seu seguimento son as súas obras, facer presente o Reino de Deus. Sermos cristiáns non vai de doutrinas nin de credos: vai de vida. E para isto, precisamos, coma Xesús, dunha fonda vivencia interior.

J. A. Martínez

A CLAVE

PROPÓSITOS DE NOVO ANO

ECO

Chegado xaneiro moitas persoas véñense arriba e fixan obxectivos, propósitos para o ano que vén de comezar. En 2018 farei exercicio, comerei mellor, deixarei de fumar, etc. Mais o paso de própositos a actos pérdese moitas veces no camiño, e chegados a principios de febreiro xa convertemos os obxectivos e meras intencións. Da palabra ao feito sempre hai un longo treito, e son uns poucos son quen de completalo.

Falando da lingua Chove, chove... É o tempo dela!

Lidia e Valentina



Pasou o Nadal cunha chuvía moi agardada, aínda que xa hai quen bota en falta o tempo enxoito. De “enxoito” prometemos falar outro día porque hoxe presta falar de chuvía. E si, xa vos contamos nalgunha ocasión que o galego ten moitos nomes para denominar a chuvía, cousa bastante normal e da que sodes conscientes, dada a necesidade, aínda que non toda a poboación coñeza o longo repertorio. Tamén no Sahara teñen moitos nomes para a area e nos países nórdicos teñen moitos nomes para denominar a neve. A lingua non é un código que simplemente

serva para comunicarnos, que tamén, senón que dá conta da realidade da comunidade que a fala. Tería sentido que falásemos nós de corenta tipos de neve como seica ten o finés? Dise que os esquimós (pobo indíxena da zona ártica) teñen incluso máis palabras ca o finés para denominar a neve, aínda que os seus termos estean formados por dúas únicas palabras ás que lles pegan sufixos, que para nós son adxectivos. Tanto nos ten, o caso é que alá onde a neve é moita e onde parte do ano neva moitas veces, é importante saber se esa neve está branda, dura, lisa, convertida en xeo,

se vén de pasar unha zorra, se acaba de nevar... E, claro, teñen termos para designar todas esas cores brancas, que no noso mundo intensamente cromático, non teñen sentido.

Para nós, galegos e galegas, é importante saber se a chuvía que cae é orballo ou se cae a ballón, aínda que co cambio climático, igual a cousa varía. Con todo, nestas pasadas semanas houbo días de **chuvia feble**, é dicir de *babuña, babuxa, barbaña, barbuza, barrallo, barrufa, barruñeira, barruzo, borralla, breca, chuisca, chuviscada, chuviñada, froallo, lapiñeira, marmaña, orballo, parruma, parrumada, patiñeira, patumeira, poalla, poallada, poalleira, poallo, zarzallo...* e outros de **chuvia forte**: *arroiada, ballón, basto, bátega, bategada, cebra, cebrina, chaparrada, chuvascada, chuvasco, chuvieira, cifra, ciobra, dioivo, treixada, xistra, zarracina...* Alá no primeiro tamén houbo algunha *treboada, torboada, torbón ou trebón* (con raios e trono). E o que caeu pouco foi *auganeve, nevisca, predrazo, saraiva...* porque frío non houbo.

Isto foi o que aconteceu no noso recunchiño. E no voso?

O Fachineiro das doce ducias

Doce ducias

Seguro que non había ser o único lugar no que se deu tal circunstancia, pero tivo certo eco o feito de que os magos de Oriente dixesen en Vilagarcía que tiñan problemas co galego. Para os anglosaxóns este trío son os tres homes sabios. A ver se vai ser que nin eran reis, nin sabios nin de Oriente. Vamos, o que se coñece coma un fake en tempos da posverdade. Que mala sorte ten o galego que ata as Súas Maxestades se empeñan en afastáreno das crianzas. Menos mal que aínda quedan homes sabios, verdadeiros e que nos achegan ás palabras e que nos lembran a importancia que teñen. Deixádeme citar estas palabras: “E



non pode haber leis que invadan e arremetan contra a voz orixinal que nos expresa. Non podemos permitir e aínda menos que veñan facendo uso dunha lei desde o desprezo ao noso, á propia Casa”. Nese mesmo texto, titulado Nós e o noso, dis que as linguas son códigos de entendemento e de cohesión social, pero tamén se engade que “Para ter honra hai que ter ese dentro, esas entrañas onde habita o entrañable, a tenrura, o aloumiño...”. Quen queira saber máis ten que agardar pola seguinte edición de Doce ducias, de Mero Iglesias, que a presente xa está esgotada. Se non se fan con el antes, os de Vilagarcía pódennlo pedir a Papá Noel.

A.Q.